

@S BOKANEIR@S

XIÁN

Eu heino de reenviar, pero xa vistes as estatísticas. Penoso. Non temos moito que facer. Estivo ben mentres durou

CATUXA

Que narras, ho! Doce séculos de historia vains amolar unha estatística!

XOÁN

Hai que mimar o galego como se mima unha flor.

XIÁN

Déixate de paridas, Xoán, que valías para poeta. Vivimos no século XXI

HELENA

Tes razón. A nosa lingua é o que nos fai galeg@s

Xa dicía Castelao: "Non lle poñades chatas á obra namentras non se remata. O que pense que vai mal que traballe nela; hai sitio para todos".

Reenvía isto se apoias o galego

Pois eu estou de acordo coa cita de Castelao. Se nos xuntáramos todos para apoiar o galego, mellor nos iría

LOIS

Vaia sesta botei. Que deberes hai para mañá? Carme, pásame unha foto dos exercicios. E que veñan ben feitos, eh!

Hahaha! Lois, andas a velas vir. Non estabamos a falar diso. Parece que @s galeg@s estamos durmidos. Como non espertemos, mal nos irá.

CARME

No proxecto de Castelao non había sitio para lacazáns. Lois, esperta! Ti tamén fas falta neste proxecto. Todos e todas facemos falta

CATUXA

E se deixamos de escribir no móbil e nos xuntamos para facer algo de verdade polo galego? En vez de lamentarnos, actuemos!

XIÁN

E a todo isto, todo o que supostamente fixo Castelao, de que serviu?

Pois Castelao non só se preocupou pola literatura galega senón por todos nós, intentando que defendésemos a nosa identidade e nos sentísemos orgullosos dela

XOÁN

Non esquezades a poesía: Curros, Pondal... e Rosalía!

CATUXA

Deixémonos de lerias e poñámonos mans á obra. Se Pontevedra é a provincia peor parada nas estatísticas, aquí estamos nós!

HELENA

Iso. Como nos organizamos?

XOÁN

Subiremos paredes, cavaremos montañas ...

LOIS

Iso! Van falar ghalegho ata os cans!

XIÁN

E teredes razón, lo. Arrimarei tamén o ombreiro a ver se conseguimos cambiar isto

CATUXA

E lo! A xente nova imos sacar adiante o galego. Será A NOSA CREACIÓN COMÚN!

Moveremos pedra a pedra, percorreremos a nosa terra para promover a nosa cultura

Así me gusta, ho. Agora si, tod@s xunt@s ímolo conseguir. Ningún muro nos vai parar